


## 12ª PROPOSTA DE ACTIVIDADES (4ª DO 3º TRIM.):

Unha vez que comeceades polas → "rutinas diarias" (especialmente: a assemblea inicial e o que conleva... para que se den conta que comeza o seu "tempo" de "escola na casa" e se lembren de moitos dos aspectos que levades recordado do cole, do día e do tempo que fai hoxe, dos compañeiros...) → aquí vos deixo as miñas propostas (para hoxe, mércores 22, e xoves 23) para que fagades nas vosas casas. \* Así mesmo, non vos esquezades de visitar os apartados dos especialistas que teremos, con actividades do seu ámbito... (hoxe, a profe Noelia, de Inglés. Mañá xoves, non nos visitaría ningún especialista).

QUÉ DEBEMOS FACER? Alá imos...

## QUE SE CELEBRA HOXE, 22 DE ABRIL?

 → "O DÍA DA TERRA". O planeta e o lugar no que vivimos as persoas, os animais, as árbores, as prantas... e que, como dicimos sempre no cole, debemos coidar e compartir para que poidamos desfrutalo. Como? Observando, coñecendo, coidando... todo o que nos rodea, dentro e fóra da casa: os parques, as paisaxes, as montañas, os ríos, o mar, etc e todos os que vivimos no planeta. Por iso, para evitar que a Terra sufrira e se poña máis mal, é moi importante que todos aprendamos a reducir, reciclar e reutilizar.

## CREAMOS?

→ IMOS CREAR UNHA BONITA PAISAXE: Pensade nalguna paisaxe que vos guste: campos, xardíns, praias, mares, montañas... (tamén pode ser parte dela, por exemplo, unha árbore que represente unha estación...) e, botando man do voso inxenio e da vosa creatividade (empregando calquera técnica, material, soporte...) tratade de representala. Hai unha condición, debedes empregar algún material/is de refugallo. ¿Seredes capaces?

## QPÉTÉCEVOS UN EXPERIMENTO?

### ⇒ FACEMOS PLASTILINA COAS CORES DO NOSO PLANETA TERRA:

Aproveitando que é o Día da Terra, imos facer unha masa de plastilina coas cores máis habituais, o verde, da vexetación e o azul, do mar.

**Que necesitamos?** Ademais da axuda dun adulto... Os MATERIAIS son: fariña; auga; aceite de xirasol; sal; lavadura en po; e colorante alimenticio: verde e azul.

**Como o facemos?** Mesturamos nunha cacerola: 1 taza de fariña, 1/2 taza de sal, e 3 cucharadiñas de lavadura en po. Engadimos pouco a pouco, e removendo ben, a auga, o aceite e o colorante. Pomos a fogo medio, revolvendo sen parar ata que se forme a masa de plastilina (3 ou 4 minutos). Retiramos do lume e deixamos arrefriar. Amasamos ata que quede suave. \* **NOTA:** se queremos gardala, para que nos dure máis, envolvémola nun papel film ou metela nun recipiente pechado na neveira. **SÓ NOS FALTA XOGAR CON ELA!!!**

## QUE CELEBRAMOS MAÑÁ, 23 DE ABRIL?



⇒ "O DÍA DO LIBRO". Aínda que, dada a súa importancia e influencia no desenvolvemento das persoas, especialmente para os cativos, deberíamos celebralo todo o ano... a data na que se conmemora é cada 23 de abril. Por esta razón, como titora da aula de Budiño, trasládovos unha proposta "especial" que nos achegan dende o Equipo de Biblioteca do CRA para que levedes a cabo. **A proposta consiste en que cada familia, de forma voluntaria, envíe unha foto do neno/a co seu conto favorito a o enderezo electrónico da biblioteca (e que máis adiante vos facilito). A data límite para enviar a foto será o 30 de abril**, dado que logo subirán esas fotos á web e poderá velas todo o alumnado.

Como podedes acceder a proposta? Tedes varias opcións/camiños a probar...

- a) Seguindo este documento (para que a teñades máis a man, copiareina aquí);
- b) Visitando outros apartados da web (e ollo... **i con algunha sorpresa!**):
  - b.1. na páxina principal, baixo o título "DÍA DO LIBRO";... e/ou...
  - b.2. indo á sección de biblioteca, no apartado "Animación á lectura".

**Ola peques:**

Que tal estades? Seguro que gozando moito da familia estos días.

Eu xa teño ganiñas de vervos e aproveitando que mañá, 23 de abril é o día do libro, que vos parece se me enviades **unha foto** vosa cun conto que vos guste ou que sexa especial para vós?

Mirade , este é o meu libro favorito. Encántame a natureza!!!



Anímate e envíame a túa foto, antes do 30 de abril, ao seguinte enderezo:

**[bibliotecarainaaragonta@gmail.com](mailto:bibliotecarainaaragonta@gmail.com)**

\* Espero que participedes na proposta na que, por suposto, poderán participar todas a familias e o profesorado que lle apeteza. Eu tamén participarei e ánimovos a todos a que o fagades !!! Polo menos que nos vexamos a través das fotos, que coñezamos os libros/contos... que máis gustan aos lectores e, de paso, pasemos un momento cheo de ánimo e de Felicidade !!!

¿Sabedes cal é o libro que máis me está gustando ler nestes días?



## SABÍAS QUÉ... ?

Mañá, 23 de Abril, celébrase **O Día Internacional do Libro**. O 23 de abril de 1616 falecían escritores importantes como: Cervantes, Shakespeare ou Garcilaso de la Vega.

Por este motivo, esta data tan simbólica para a literatura universal foi a escollida pola "Conferencia General de la UNESCO" para render unha homenaxe mundial ao libro e aos seus autores, e fomentar a todos (sobre todo aos máis novos) a descubrir o pracer da lectura e respectar a enorme contribución dos creadores ao progreso social e cultural. En Cataluña, nesta data, teñen a tradición de agasallar cunha rosa ao comprador/a dun libro.

Coa celebración deste día no mundo enteiro, a UNESCO pretende fomentar a lectura, a industria editorial e a protección da propiedade intelectual, grazas ó dereito de autor.



## QUEREDES COÑECER OUTRO DOS MEUS LIBROS FAVORITOS?

Como xa sabedes, **ENCÁNTANME OS LIBROS!!!**, entre outras cousas, porque neles **podemos viaxar, coñecer, descubrir... e vivir mil aventuras**, sobre todo agora que non podemos saír da casa. Pois ben, unha das miñas lecturas favoritas titúlase "DON QUIJOTE DE LA MANCHA", escrito por Miguel de Cervantes. O libro trata das aventuras e desventuras dun home que, de vivir só para a lectura dos libros que máis lle gustaban... vai volvéndose un pouco "alocado". Un bo día, decidiu convertese nun "cabaleiro" e, coa compañía de Sancho Panza, vivirán moitas e "extrañas" aventuras... Que vos parece? Xa sabedes porque tedes unha profe un pouco "loca" e chea de sorpresas???

Para achegarvos só "un pouquiño" a este libro, aquí vos deixo un enlace que me parece moi interesante para que os nenos o vexan...

<https://www.rtve.es/infantil/serie/lunnis/video/lunnis-leyenda-quiote/3849404/>

## XOGAMOS COS CONTOS?

De seguro que nas vosas casas teredes moositos contos, Non sí? Ademais de poder lelos, escoitalos, mesturalos, inventalos, escribilos, debuxalos, dramatizalos e moitísimas ideas máis... Desta vez, vouvos propor outro tipo de actividades que podedes facer tamén cos contos **ides convertervos en DETECTIVES DE CONTOS... queredes? ide a por eles!!! (se preferides, collede só uns cuantos, en función da actividade)** e a descubrir as respostas a estas preguntas:

- Cantos contos tedes? Podedes contalos... Cantos son? Moitos ou poucos?
- Cantas páxinas ten o voso conto favorito? Es capaz de pasalas de 1 en 1?
- Teis algún libro con poucas páxinas? algún con moitas? Cal é o máis curto/longo?


- Podes facer sumas e/ou restas contando libros?
- Es capaz de facer torres de distintos alturas con libros? Como son?
- Serías capaz de ordenar algúns segundo a súa altura/grosor/tamaño/peso...?
- Ordena varios contos, dicindo o seu orden (1ª, 2ª...) de maior a menor, e logo de menor a maior...
- Ordena varios contos, dicindo o seu orden (1ª, 2ª...) segundo os teus gustos, é dicir, dos que máis che gusten aos que menos...
- Xa por último, Serías capaz de inventar unha nova historia mesturando varios dos teus contos?

## FACEMOS UN MARCAPÁXINAS?

➔ PODEDES FACER UNS MARCAPÁXINAS MOI MARIÑEIROS E/OU MOI MONSTRUOSOS... XA QUE SON MOI CHULIS, SINXELOS E FUNCIONAIS.

- MARCAPÁXINAS MARIÑEIROS: Podemos elaborar un marcapáxinas relacionado co tema do Mar. Para elo, botade man de calquera tipo de material que teñades pola casa (cartón, cartolina, pasta, pinzas, depresores...), calquera tipo de técnica (pintura, recortado, estampado, collage...) e deixade voar a vosa imaxinación e creatividade... Algunhas ideas que vos poden axudar?





(↪ engánchase na "esquina" da páxina →)

● **MARCAPÁXINAS "MONSTRUOSOS" (polo do Coronavirus...):** Teñen grande parecido a estes das últimas fotos, polo formato en esquina. Como no caso anterior, podedes empregar calquera material, técnica, etc. que vos apeteza... Tamén vos deixo varias ideas:



Un vídeo-tutorial (en inglés pero enténdese...): [https://youtu.be/YVkJPCp\\_1UQ](https://youtu.be/YVkJPCp_1UQ)

UN ENORME BICO PARA OS MEUS PEQUES!!!

PROFE SANDRA